

MEMORIA FIN DE CURSO

1.- ESPAZO

A materia de Inglés desenvólvese na clase de Inglés, agás no caso de 4º de Infantil que o fai na súa propia clase. Conta cunha PDI, biblioteca de aula con libros en Inglés, xogos didácticos e material funxible.

2.- ACTIVIDADES (Proxectos, titoriais, materiais creados, investigacións, ligazóns a traballos,...)

En **Educación Infantil** traballouse seguindo os métodos “Peggy” para 4º de Infantil (Peggy’s birthday, Peggy and Granny, Peggy and Daddy, Peggy and Mummy) e “Ready for a story” para 5º (The balloon, Peter) e 6º de Infantil (Don’t cry, The cake, The monster) de Josep María Artigal, baseados na escenificación de pequenas historias, fomentando a comprensión e a expresión oral.

Así mesmo, realizáronse durante o curso actividades que buscaban acercar ao alumnado ás tradicións e cultura dos países angloparlantes (Halloween, Christmas, Easter).

Tamén aprenderon cancións da web de Super Simple Songs e contos, vídeos e xogos con Three in a tree, Teddy’s train, Cheeky Monkey, Starfall...

En **Educación Primaria**, ademais de levar a cabo a programación baseándonos nos materiais da serie Kids can! da editorial Macmillan (Pupil’s Book, Activity Book, Extra Fun) realizamos actividades de:

- Comprensión oral: cancións e vídeos musicais a través da web de Lyrics Training, contos, vídeos e xogos con Bugs, Starfall, Quest, Muzzy, Winnie the witch, Beep TV ...

- Comprensión escrita e expresión escrita a través dunha selección de actividades da web Liveworksheets, webs de xogos didácticos: testeando, gamestolearnenglish, word art, agendaweb, kahoot...
- O alumnado de 6º de Primaria traballou na web de Duolingo durante todo o curso.
- O alumnado de 6º de Primaria realizou tres prácticas de “The big challenge”, unha por trimestre, e o alumnado de 4º e 5º realizou unha.
- O alumnado de 5º e 6º utilizou Edixgal durante todo o curso.
- Tamén asistiron á obra de teatro en inglés “Help! Trouble in the jungle” que se ofertou desde Afundación preparando o vocabulario e as expresións precisas antes de acudir á función para poder aproveitala ao máximo

3.- RECURSOS

O alumnado de 5º e 6º dispoñen de cadanseu ordenador o que facilita a realización de actividades dixitais como resolución de Kahoots, adaptados aos contidos dos cursos, e de cadernos de Liveworksheets para cada tema.

4.- CURRÍCULO

Como todos os anos, fíxose unha avaliación inicial para descubrir o nivel de competencia do alumnado. Os resultados obtidos foron o punto de partida á hora de desenvolver a programación.

O proceso de aprendizaxe na materia é positivo e os obxectivos fóronse cumprindo.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Neste curso 23-24 non foi preciso desdobrar as aulas de Infantil dado que o número de nenos/as nas aulas era de 11, 15 e 13 nos tres cursos. Isto repercutiu favorablemente no proceso de aprendizaxe tendo en conta ademais a curta idade do alumnado.

O alumnado, en xeral, participou activamente e de forma positiva nas distintas actividades propostas dende a aula.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

As familias poden usar a conta de correo olgaas@colexiorocio.com que se atopa na web do centro para estar en contacto sempre que o precisen. Tamén colaboraron cos seus fillos/as para que puideran practicar na casa coas distintas actividades dixitais que realizaban.

6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

A coordinación é axeitada a todos os niveis.

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

CURSO DE PRIMARIA	N.º ALUMNOS/AS	APROBAN	NON APROBAN
1º	25	25 (100 %)	0
2º	15	14 (93 %)	1 (7 %)
3º	24	20 (100 %)	0
4º	21	21 (100 %)	0
5º	25	22 (88 %)	3 (12%)
6º	25	23 (92%)	2 (8 %)

Os resultados son satisfactorios e o alumnado que non aproba ten circunstancias como NEAE, chegada doutro país cun baixo nivel escolar ou con outro idioma, perda de escolarización... na súa maioría.

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

Agora que temos varias aulas cunha menor ratio faise máis evidente que 25 alumnos/as non é o número máis axeitado para aprender un idioma e practicalo, sobre todo de forma oral. O descenso das ratios pode supoñer unha mellora, sobre todo cara a atención ao alumnado con máis dificultades.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Avanzaremos no acondicionamento da aula de Inglés, para facilitar a organización do traballo.

10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO CURSO.

Buscaremos novos materiais e recursos, tanto na internet como doutro tipo para ampliar a variedade de actividades ao longo do curso.